



PRÓRROGA E ADDENDA AO CONVENIO DE COOPERACIÓN ADMINISTRATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA REALIZAR PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS NO LABORATORIO OFICIAL DE METROLOXÍA DE GALICIA (LOMG).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial da Consellería de Economía e Industria, Margarita Ardao Rodríguez, DECLARA:

Que esta consellería formalizou coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referenciado consistente nunha prórroga do actual convenio, asinado o 29.10.2021 con vixencia ata o 28.10.2025,, por catro anos, así como unha addenda a dito convenio.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular un programa de prácticas académicas externas entre a Universidade de Vigo e a Consellería de Economía e Industria para facilitar a preparación para o exercicio profesional do estudiantado en áreas operativas do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia (en adiante LOMG) relacionadas coa súa formación universitaria e as posibles saídas profesionais desde os estudos cursados na Universidade de Vigo.

Que existe converxencia de intereses entre as partes asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Economía e Industria considera de gran utilidade para os estudantes facilitar unha primeira toma de contacto co mundo laboral antes da obtención da súa titulación; e quere ofrecer aos estudantes a posibilidade de completar a súa formación académica e adquirir unha experiencia profesional a través da realización de prácticas curriculares no LOMG; para o que elaborouse o texto dun convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas por parte dos estudantes da Universidade nas instalacións do LOMG.

A Consellería de Economía e Industria ten o interese en prorrogar por outros catro anos coa Universidade de Vigo o convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas por parte dos estudantes desta Universidade, co fin de facilitar a súa preparación para o exercicio profesional en áreas operativas vinculadas ás actividades desenvolvidas no LOMG relacionadas coa súa formación universitaria.



Estas prácticas permitirán aos estudantes aplicar os coñecementos teóricos adquiridos nas aulas, sendo os principais obxectivos das mesmas o de coñecer a realidade laboral á que se incorporarán tras acabar os seus estudos, adquirir experiencia e habilidades profesionais e aplicar na práctica real dun centro produtivo os coñecementos adquiridos durante os estudos; ao mesmo tempo que se facilita a súa preparación para o exercicio profesional en áreas operativas vinculadas ás actividades desenvolvidas no LOMG, relacionadas coa súa formación universitaria.

Por outra parte, desde a sinatura do actual convenio produciuse un cambio normativo, o cal recolle a inclusión no sistema de Seguridade Social de alumnos que realicen prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación, en concreto a través do Real Decreto-Lei 2/2023, de 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sostibilidade do sistema público de pensións, no seu artigo único. 34 realiza a Modificación do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, introducindo unha Disposición adicional quincuaxésima segunda. (Inclusión no sistema de Seguridade Social de alumnos que realicen prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación), polo cal procede unha addenda ao citado convenio para introducir dito cambio normativo no clausurado.

Tendo en conta o dito nas cláusulas anteriores, dáse por satisfeito o referido ao concurso de achegas que as partes convenientes están de acordo en asumir, a concorrencia dunha actividade de interese común para ambas as partes e a vontade de colaboración propia dos convenios de colaboración.

Por todo o exposto, considérase que as actuacións obxecto do convenio teñen un carácter de interese xeral, non sendo posible promover a concorrencia pública dada a finalidade do convenio e a especificidade das características que cumpre a universidade coa que se quere subscribir o presente convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

O anterior motívase a utilización da figura do convenio de colaboración considerado o artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e as razóns que impiden a concorrencia da oferta e exclúen a celebración dun contrato administrativo.



Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actividades mencionadas, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 6 do citado texto legal, sen prexuízo de que lle sexan aplicables, como establece o artigo 4, os seus principios para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, a data da sinatura dixital

A Directora Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

Margarita Ardao Rodríguez

